

SINFÓNICA
DE GALICIA
TEMPORADA
23/24

12/04/24

V17

13/04/24

S07



JONATHON HEYWARD
Director



SINFÓNICA
DE GALICIA

ABONO
VIERNES
SÁBADO

12/04/24

V17

13/04/24

S07

📍 Palacio de la Ópera / A Coruña 🕒 20h

I

JESSIE MONTGOMERY (1981)

*Records from a Vanishing City (13')***

RICHARD STRAUSS (1864-1949)

Cuatro últimas canciones (25')

Frühling (Primavera)

September (Septiembre)

Beim Schlafengehen (Al irse a dormir)

Im Abendrot (En el arrebol de la tarde)

II

DMITRI SHOSTAKÓVICH (1906-1975)

Sinfonía nº 10 en mi menor, op. 93 (34')

Moderato

Allegro

Allegretto

Andante

CLAIRE BOOTH soprano

JONATHON HEYWARD director

HISTORIAS DE NOSTALGIA

Tres obras compuestas en momentos muy distintos de la vida de Jessie Montgomery (Nueva York, 1981), Richard Strauss (Múnich, 1864 - Garmisch-Partenkirchen, 1949) y Dmitri Shostakóvich (San Petersburgo, 1906 - Moscú, 1975), pero las tres contienen un sentimiento de nostalgia, morriña, o «recordando viejos tiempos» curiosamente parecido.

Apenas treinta y cuatro años tenía Montgomery cuando escribió *Records from a Vanishing City* (2016), rememorando la riqueza cultural del barrio neoyorquino en que se crio, el Lower East Side de Manhattan, lleno de actividades abiertas a todo tipo de públicos, y con una riqueza interracial y de mezcla de culturas que desapareció poco tiempo después. Manhattan, donde estaban situadas las Torres Gemelas, a una distancia de apenas 2-3 kilómetros de la casa de Montgomery, nunca volvió a ser el mismo después del atentado del 11 de septiembre de 2001. Desapareció la alegría de vivir, y aún peor, la esperanza en un mundo mejor.

Nostalgia y recuerdos también para Richard Strauss, quien escribió sus *Cuatro últimos lieder* (1948) consciente de que se trataba de su última gran obra: apenas compuso nada más y murió sin llegar a oír el estreno. Fueron además años difíciles para Strauss, quien después de disfrutar de tanta fama desde su juventud se convirtió en una figura «desagradable» por su vinculación con la Alemania nazi, si bien está relativamente demostrado que nunca apoyó al régimen y que si no se exilió como otros músicos (se fue a Viena y luego a Garmisch-Partenkirchen, un pueblo bávaro), fue para defender a su nuera judía y a sus nietos (y lo consiguió, sobrevivieron). Strauss era además muy consciente de que su mundo ya había terminado, que todo había cambiado. Como escribió en su diario personal en 1945, al terminar la 2ª Guerra Mundial:

El período más terrible de la historia humana se ha terminado, el reinado de doce años de bestialidad, ignorancia y destrucción de la cultura por parte de los mayores criminales, durante el cual los dos mil años de la evolución cultural de Alemania llegaron a su fin.

Menos claro está si también era nostalgia por el pasado lo que sentía Shostakóvich cuando compuso su *Décima sinfonía* (1953), o simplemente estaba harto de la persecución política a su música. Al contrario de lo que pasó con la mayoría de sus obras, no habló de ella hasta que ya la estaba terminando y hay muy pocos datos sobre su composición. Sólo sabemos que el lapso de nueve años entre noviembre de 1945 —estreno de la *Novena sinfonía*, que debía ser triunfal y no lo fue— y diciembre de 1953, unos meses después de la muerte de Stalin, es el período más largo en la vida de Shostakóvich sin estrenar ninguna sinfonía, que la obra contiene elementos autobiográficos y su «firma secreta» y que la crítica le reprochó su pesimismo existencial. Parecen pistas que hablan de nostalgia, ¿no?

MÚSICA A MI ALREDEDOR

La música rodeó la vida de Jessie Montgomery (Nueva York, 1981) casi desde su nacimiento. Un padre compositor y una madre famosa como actriz, escritora teatral y profesora, a los que a menudo acompañaba en sus actividades, le proporcionaron un bagaje que complementó sus estudios reglados de violín, que amplió en la Juilliard School, y composición, especialmente para cine y multimedia, en las universidades de Nueva York y Princeton. Además, desde su adolescencia Montgomery se implicó apasionadamente en cuestiones sociales, música para todos, improvisación etc. y especialmente con la Sphinx Organization, una ONG fundada en 1996 que se centra en apoyar a los intérpretes «clásicos» y compositores latinos y afroamericanos, de la que Montgomery ha recibido becas, ha sido compositora residente, y ha participado en varias de sus agrupaciones musicales.

Actualmente Montgomery desarrolla una carrera exitosa como compositora y violinista —junto al Silkroad Ensemble, los Sphinx Virtuosi y fundadora del Catalyst Quartet— y está considerada como una de las principales figuras de la música actual en Norteamérica. De hecho, acaba de ganar, en la edición 2024 de los Grammy, el premio a la «mejor composición clásica actual» por *Rounds* (estrenada en 2022).

Records from a Vanishing City fue un encargo de la Orpheus Chamber Orchestra, que la estrenó el 27 de octubre de 2016, y está dedicada a James Rose, un amigo de la familia que al morir dejó en herencia a Montgomery su amplia colección de discos, que contenía joyas del jazz clásico y vanguardista, grabaciones de música de otras culturas, etc. que inspiraron muy directamente estos «recuerdos». Desde su estreno, *Records from a Vanishing City* se ha convertido en una de las obras más tocadas de Montgomery. De hecho, en los días siguientes a su interpretación por parte de la OSG, sonará también en el Tirol austriaco y en Baltimore.

Montgomery explica esta pieza así:

Records from a Vanishing City es un poema sinfónico basado en mis recuerdos de la música que me rodeaba mientras crecía en el Lower East Side de Manhattan en las décadas de 1980 y 1990. Artistas, buscadores de la verdad y culturas de todo tipo definían nuestra vibrante comunidad. La diversidad que abarcaba estalló con una cotidianidad sin esfuerzo en fiestas de barrio, festivales y juergas de todo tipo. En parte porque mis padres eran artistas, pero también porque no pude evitarlo, absorbí todo lo que me rodeaba: jazz latino, rock alternativo, música clásica occidental, jazz de vanguardia, poesía y música de baile caribeña, por nombrar unos pocos. [...] Mientras concebía esta obra, me llamó la atención una canción particular de un disco de música de Angola: una canción de cuna tradicional cantada a modo de pregunta y respuesta por un

coro de mujeres. Esta canción de cuna me resultaba extrañamente familiar. Una adaptación de esta canción de cuna y el canto rítmico que la sigue aparece en cada una de las tres secciones principales de *Records from a Vanishing City*.

ESPERANDO LA MUERTE SIN MIEDO

Aunque Richard Strauss no fue un colaboracionista, el hecho de que no abandonara Viena durante la etapa nazi complicó su situación en los años posteriores al fin de la II Guerra Mundial y estuvo incluso bajo arresto domiciliario. En octubre de 1945 se trasladó a Suiza, donde permaneció hasta el 10 de mayo de 1949, cuando —con la salud muy deteriorada— volvió a su casa de Garmisch-Partenkirchen y falleció el 8 de septiembre, a los 85 años.

Fue en Suiza donde Strauss compuso estos *Cuatro últimos lieder*, para soprano y orquesta, que no compuso como un ciclo, aunque se suelen interpretar así. De hecho, fue su amigo Ernst Roth —editor en Boosey & Hawkes— quien las agrupó para publicarlas en 1950 y propuso el orden en que debían ser interpretadas, aunque sabemos que Strauss prefería poner *Frühling* de penúltima para terminar de un modo más optimista.

Im Abendrot, sobre texto de Joseph von Eichendorff (1788-1857) fue la primera que compuso, en el invierno de 1946-47, revisándola en mayo de 1948; mientras las otras tres, sobre textos de Hermann Hesse (1877-1962), están datadas en el verano de 1948. Poco después, Strauss escribió a la soprano noruega Kirsten Flagstad (1895-1962) ofreciéndole el estreno de las canciones, aunque sin llegar a fijar una fecha u ocasión concreta. Strauss aún compuso una canción más, *Malven*, en noviembre de 1948, que no se incluyó en el ciclo y se interpreta muy poco.

El estreno tuvo lugar en el Royal Albert Hall de Londres el 22 de mayo de 1950, con Flagstad (acusada también de colaboracionista tras la guerra) como solista, acompañada por la Philharmonia Orchestra, bajo la dirección de Wilhelm Furtwängler (1886-1954), otra figura muy controvertida en su relación con el nazismo. El simbolismo político de este concierto ha dado lugar a diversas interpretaciones, desde quienes lo vieron como una reivindicación de la «inocencia» de los tres protagonistas, un insulto, una maniobra comercial, un triunfo de la música por encima de la política, etc.; aunque en último término el concierto se celebró gracias a la generosa donación económica de un joven maharajá hindú, Jayachamarajendra Wadiyar Bahudar, quien sólo pidió a cambio que se le enviara la grabación del estreno.

«LOS SENTIMIENTOS Y PASIONES HUMANAS»

El final de los años cuarenta fue una etapa muy difícil para Dimitri Shostakóvich (San Peterburgo, 12/25 de septiembre de 1906; Moscú, 9 de agosto de 1975), quien tras la popularidad de sus obras compuestas durante la II Guerra Mundial pasaba por una nueva etapa de persecución política, que abarcó desde 1946 hasta la muerte de Stalin en 1953. Prudentemente, Shostakóvich se refugió en la composición de música de cámara —*Cantos judíos*, *Cuartetos de cuerda n.º 3-5*, y los *Preludios y fugas para piano*— esperando hasta después de la muerte de Stalin para continuar su carrera más pública.

Fue precisamente mientras escribía sus *Preludios y fugas para piano* —hacia enero o febrero de 1951— cuando comenzó la composición de la *Décima sinfonía*, y posiblemente dejó ya diseñada su estructura y principales temas, aunque apenas habló de ella públicamente hasta dos años después, cuando escribió a varios amigos. Oficialmente fue durante el verano de 1953, mientras estaba en una dacha en Komarovo (al norte de San Petersburgo), cuando escribió la *Décima sinfonía*, finalizándola el 25 de octubre, ya de vuelta en Moscú. Inmediatamente la tocó para el director de orquesta Evgueni Mravinski (1903-1988) y otros músicos de Moscú, les gustó, se hicieron las copias orquestales, comenzaron los ensayos y la *Décima sinfonía* se estrenó el 17 de diciembre de 1953 en Leningrado.

La obra fue muy apreciada por el público, al igual que en la repetición del estreno en Moscú unos días después, y algunos destacados amigos, como el compositor Aram Jatchaturian o el violinista David Oistrach, la alabaron públicamente. Pero entre los críticos más afines al Partido Comunista y entre sus colegas de la Unión de Compositores la recepción fue mucho más fría y las discusiones públicas sobre la obra coincidieron en su excesivo modernismo y en la falta de optimismo: «¿dónde están las ideas positivas en esta sinfonía?», no se enfatiza «el futuro optimista y brillante del Hombre Soviético», falta «una lucha activa por el triunfo del Bien», etc.

Por eso, aunque son muchos los que consideran la *Décima* una de las mejores sinfonías de Shostakóvich y alaban su perfección formal, el propio Shostakóvich se vio obligado tras su estreno a «disculparse» ante las autoridades de un modo ridículo: que escribió la sinfonía demasiado deprisa, que el primer movimiento no es un auténtico *allegro* de sonata, que el segundo movimiento es demasiado corto en relación con el resto, que el tercero debía haber sido más desarrollado en unas partes y reducido en otras, y que el último movimiento —aunque cumple su función— tiene una introducción demasiado amplia.

Es probable que esta amplia autocrítica sirviera para disimular que en realidad Shostakóvich trabajó mucho en la sinfonía y fue mucho más comunicativo de lo habitual en él. Esta es una de las pocas obras en las que usa su «firma»: las notas re-mi bemol-do-si (en notación británica DSCH), además de otro tema en el tercer movimiento (mi-la-mi-re-la) que alude a la pianista y compositora azerbaiyana Elmira Nazirova (Baku, 1928; Haifa, Israel, 2014), una antigua alumna suya del conservatorio con la que estuvo obsesionado durante el verano de 1953 (aunque fue principalmente un amor por correspondencia, porque apenas se vieron).

Oficialmente, en las entrevistas posteriores al estreno, Shostakóvich se limitó a negar que hubiera un programa en la sinfonía y declaró simplemente que «en esta obra quise retratar los sentimientos y las pasiones humanas».

Maruxa Baliñas

HISTORIAS DE MORRIÑA

Tres obras compostas en momentos moi distintos da vida de Jessie Montgomery (Nova York, 1981), Richard Strauss (Múnic, 1864 – Garmisch -Partenkirchen, 1949) e Dmitri Xostacóvich (San Petersburgo, 1906 – Moscova, 1975), mais as tres conteñen un sentimento de nostalgia, morriña, ou «lembrando vellos tempos» curiosamente parecido.

Apenas trinta e catro anos tiña Montgomery cando escribiu *Records from a Vanishing City* (2016), rememorando a riqueza cultural do barrio neoiorquino en que se criou, o Lower East Side de Manhattan, cheo de actividades abertas a todo tipo de públicos, e cunha riqueza interracial e de mestura de culturas que desapareceu pouco tempo despois. Manhattan, onde estaban situadas as Torres Xemelgas, a unha distancia de apenas 2-3 quilómetros da casa de Montgomery, nunca volveu a ser o mesmo despois do atentado do 11 de setembro de 2001. Desapareceu a alegría de vivir, e aínda peor, a esperanza nun mundo mellor.

Morriña e lembranzas tamén para Richard Strauss, quen escribiu os seus *Catro derradeiros lieds* (1948) consciente de que se trataba de súa derradeira grande obra: apenas compuxo nada máis e morreu sen chegar a oír a estrea. Foron ademais anos difíciles para Strauss, quen despois de gozar de tanta sona desde a súa xuventude se converteu nunha figura «desagradable» pola súa vinculación coa Alemaña nazi, se ben está relativamente demostrado que nunca apoiou o réxime e que se non se exiliou coma outros músicos (marchou a Viena e despois a Garmisch-Partenkirchen, unha vila bávara), foi para defender a súa nora xudía e os seus netos (e conseguíuno, sobreviviron). Strauss era ademais moi consciente de que o seu mundo xa rematara, que todo mudara. Como escribiu no seu diario persoal en 1945, ao rematar a 2ª Guerra Mundial:

O período máis terrible da historia humana rematou, o reinado de doce anos de bestialidade, ignorancia e destrución da cultura por parte dos maiores criminais, durante o cal os dous mil anos da evolución cultural de Alemaña chegaron ao seu final.

Menos claro está se tamén era morriña polo pasado o que sentía Xostacóvich cando compuxo a súa *Décima sinfonía* (1953), ou simplemente estaba farto da persecución política á súa música. Ao contrario do que pasou coa maioría das súas obras, non falou dela ata que xa a estaba a rematar e hai moi poucos datos sobre a súa composición. Só sabemos que o lapso de nove anos entre novembro de 1945 —estrea da *Novena sinfonía*, que debía ser triunfal e non o foi— e decembro de 1953, uns meses despois da morte de Stalin, é o período máis longo na vida de Xostacóvich sen estrear sinfonía ningunha, que a obra contén elementos autobiográficos e a súa «sinatura secreta» e que a crítica lle reprochou o seu pesimismo existencial. Semellan pistas que falan de morriña, non si?

MÚSICA AO MEU ARREDOR

A música rodeou a vida de Jessie Montgomery (Nova York, 1981) case desde o seu nacemento. Un pai compositor e unha nai famosa como actriz, escritora teatral e profesora, aos que a miúdo acompañaba nas súas actividades, proporcionáronlle unha bagaxe que complementou os seus estudos regrados de violín, que ampliou na Juilliard School, e composición, especialmente para cinema e multimedia, nas universidades de Nova York e Princeton. Ademais, desde a súa adolescencia Montgomery implicouse de xeito apaixonado en cuestións sociais, música para todos, improvisación etc., e especialmente coa Sphinx Organization, unha ONG fundada en 1996 que se centra en apoiar os intérpretes «clásicos» e compositores latinos e afroamericanos, da que Montgomery recibiu bolsas de estudo, foi compositora residente, e participou en varias das súas agrupacións musicais.

Na actualidade Montgomery desenvolve unha carreira de éxito como compositora e violinista —xunto ao Silkroad Ensemble, os Sphinx Virtuosi e fundadora do Catalyst Quartet— e está considerada como unha das principais figuras da música actual en América do Norte. De feito, acaba de gañar, na edición 2024 dos Grammy, o premio á «mellor composición clásica actual» por *Rounds* (estreada en 2022).

Records from a Vanishing City foi unha encargada da Orpheus Chamber Orchestra, que a estreou o 27 de outubro de 2016, e está dedicada a James Rose, un amigo da familia que ao morrer lle deixou en herdanza a Montgomery a súa ampla colección de discos, que contiña xoias do jazz clásico e vangardista, gravacións de música doutras culturas, etc., que inspiraron moi directamente estas «lembranzas». Desde a súa estrea, *Records from a Vanishing City* converteuse nunha das obras máis tocadas de Montgomery. De feito, nos días seguintes á súa interpretación por parte da OSG, soará tamén no Tirol austríaco e mais en Baltimore.

Montgomery explica esta peza así:

Records from a Vanishing City é un poema sinfónico baseado nas miñas lembranzas da música que me rodeaba mentres medraba no Lower East Side de Manhattan nas décadas de 1980 e 1990. Artistas, buscadores da verdade e culturas de todo tipo definían a nosa vibrante comunidade. A diversidade que abranguía estalou cun trazo cotián sen esforzo en festas de barrio, festivais e xoldas de todo tipo. En parte porque os meus pais eran artistas, pero tamén porque non o puiden evitar, absorbín todo o que me rodeaba: jazz latino, rock alternativo, música clásica occidental, jazz de vangarda, poesía e música de baile caribeña, por nomear uns poucos. [...] Mentres concibía esta obra, chamoume a atención unha canción particular dun disco de música de Angola: unha canción de berce tradicional cantada a modo de pregunta e resposta por un coro de mulleres. Esta canción de berce resultábame estrañamente familiar. Unha adaptación desta canción de berce e o canto rítmico que a segue aparece en cada unha das tres seccións principais de *Records from a Vanishing City*.

AGARDANDO A MORTE SEN MEDO

Aínda que Richard Strauss non foi un colaboracionista, o feito de que non abandonase Viena durante a etapa nazi complicou a súa situación nos anos posteriores á fin da II Guerra Mundial e estivo mesmo baixo arresto domiciliario. En outubro de 1945 trasladouse a Suíza, onde permaneceu ata o 10 de maio de 1949, cando —coa saúde moi deteriorada— volveu á súa casa de Garmisch-Partenkirchen e finou o 8 de setembro, aos 85 anos.

Foi en Suíza onde Strauss compuxo estes *Catro derradeiros lieds*, para soprano e orquestra, que non compuxo como un ciclo, aínda que se adoiten interpretar así. De feito, foi o seu amigo Ernst Roth —editor en Boosey & Hawkes— quen as agrupou para publicalas en 1950 e propuxo a orde en que debían ser interpretadas, aínda que sabemos que Strauss prefería poñer *Frühling* de penúltima para rematar dun xeito máis optimista.

Im Abendrot, sobre texto de Joseph von Eichendorff (1788-1857) foi a primeira que compuxo, no inverno de 1946-47, e revisouna en maio de 1948; mentres as outras tres, sobre textos de Hermann Hesse (1877-1962), están datadas no verán de 1948. Pouco despois, Strauss escribiulle á soprano norueguesa Kirsten Flagstad (1895-1962) para lle ofrecer a estrea das cancións, aínda que sen chegar a fixar unha data ou ocasión concreta. Strauss aínda compuxo unha canción máis, *Malven*, en novembro de 1948, que non se incluíu no ciclo e que se interpreta moi pouco.

A estrea tivo lugar no Royal Albert Hall de Londres o 22 de maio de 1950, con Flagstad (acusada tamén de colaboracionista logo da guerra) como solista, acompañada pola Philharmonia Orchestra, baixo a dirección de Wilhelm Furtwängler (1886-1954), outra figura moi controvertida na súa relación co nazismo. O simbolismo político deste concerto deu lugar a diversas interpretacións, desde quen o viu como unha reivindicación da «inocencia» dos tres protagonistas, un insulto, unha manobra comercial, un triunfo da música por enriba da política, etc.; aínda que en último termo o concerto tivo lugar grazas á xenerosa doazón económica dun mozo maharaxá hindú, Jayachamarajendra Wadiyar Bahudar, quen só pediu a cambio que se lle enviase a gravación da estrea.

«OS SENTIMENTOS E PAIXÓNS HUMANAS»

O final dos anos corenta foi unha etapa moi difícil para Dimitri Xostacóvich (San Petersburgo, 12/25 de setembro de 1906; Moscova, 9 de agosto de 1975), quen tras a popularidade das súas obras compostas durante a II Guerra Mundial pasaba por unha nova etapa de persecución política, que abrangueu desde 1946 ata a morte de Stalin en 1953. Prudentemente, Xostacóvich refuxiouse na composición de música de cámara —*Cantos xudeus, Cuartetos de corda nº 3-5*, e os *Preludios e fugas para piano*— e agardou ata despois da morte de Stalin para continuar a súa carreira máis pública.

Foi precisamente mentres escribía os seus *Preludios e fugas para piano* —cara a xaneiro ou febreiro de 1951— cando comezou a composición da *Décima sinfonía*, e posiblemente deixou xa deseñada a súa estrutura e principais temas, aínda que apenas falou dela publicamente ata dous anos despois, cando lles escribiu a varios amigos. Oficialmente foi durante o verán de 1953, mentres estaba nunha dacha en Komarovo (ao norte de San Petersburgo), cando escribiu a *Décima sinfonía*, que rematou o 25 de outubro, xa de volta en Moscova. Inmediatamente, tocouna para o director de orquestra Evgueni Mravinski (1903-1988) e outros músicos de Moscova, gustoulles, fixéronse as copias orquestrais, comezaron os ensaios e a *Décima sinfonía* estreouse o 17 de decembro de 1953 en Leningrado.

A obra foi moi apreciada polo público, o mesmo que na repetición da estrea en Moscova uns días despois, e algúns destacados amigos, como o compositor Aram Jatchaturian ou o violinista David Oistray, loárona publicamente. Pero entre os críticos máis afíns ao Partido Comunista e entre os seus colegas da Unión de Compositores a recepción foi moito máis fría e as discusións públicas sobre a obra coincidiron no seu excesivo modernismo e na falta de optimismo: «onde están as ideas positivas nesta sinfonía?», non se pon énfase «no futuro optimista e brillante do Home Soviético», falta «unha loita activa polo triunfo do Ben», etc.

Por iso, aínda que son moitos os que consideran a *Décima* unha das mellores sinfonías de Xostacóvich e loan a súa perfección formal, o propio Xostacóvich viuse obrigado logo da súa estrea a «desculparse» perante as autoridades dun xeito ridículo: que escribiu a sinfonía demasiado ás présas, que o primeiro movemento non é un auténtico *allegro* de sonata, que o segundo movemento é demasiado curto en relación co resto, que o terceiro debía ter sido máis desenvolvido nunhas partes e reducido noutras, e que o derradeiro movemento —aínda que cumpre a súa función— ten unha introdución demasiado ampla.

É probable que esta ampla autocrítica servise para disimular que en realidade Xostacóvich traballou moito na sinfonía e foi moito máis comunicativo do habitual nel. Esta é unha das poucas obras nas que usa a súa «sinatura»: as notas re-mi bemol-dó-si (en notación bri-

tánica DSCH), ademais doutro tema no terceiro movemento (mi-la-mi-re-la) que alude á pianista e compositora acerbaixana Elmira Nazirova (Baku, 1928; Haifa, Israel, 2014), unha antiga alumna súa do conservatorio coa que estivo obsesionado durante o verán de 1953 (aínda que foi principalmente un amor por correspondencia, porque apenas se viron).

Oficialmente, nas entrevistas posteriores á estrea, Xostacóvich limitouse a negar que houbera un programa na sinfonía e declarou simplemente que «nesta obra quixen retratar os sentimentos e as paixóns humanas».

Maruxa Baliñas

CUATRO ÚLTIMOS LIEDER, WOO. 150 VIER LETZTE LIEDER, WOO. 150 (1948)

Frühling

Hermann Hesse

In dämmerigen Grüften
träumte ich lang
von deinen Bäumen und blauen Lüften,
von deinem Duft und Vogelsang.

Nun liegst du erschlossen
in Gleich und Zier,
von Licht übergossen
wie ein Wunder vor mir.

Du kennest mich wieder,
du lockest mich zart,
es zittert durch all meine Glieder
deine selige Gegenwart!

September

Hermann Hesse

Der Garten trauert,
kühl sinkt in die Blumen der Regen.
Der Sommer schauert
still seinem Ende entgegen.

Golden tropft Blatt um Blatt
nieder vom hohen Akazienbaum.
Sommer lächelt erstaunt und matt
in den sterbenden Gartentraum.

Lange noch bei den Rosen
bleibt er stehen, sehnt sich nach Ruh.
Langsam tut er die großen
müdigwordnen Augen zu.

Primavera

Hermann Hesse

En criptas en penumbra
Soñé largamente
Con tus árboles y brisas azules,
Con tu fragancia y canto de los pájaros.

Ahora yaces abierta
En el brillo y el resplandor,
Inundada de luz,
Como un milagro ante mí.

Tú vuelves a conocerme,
Me atraes tiernamente,
A través de todos mis miembros
Tiembla tu bendita presencia.

Septiembre

Hermann Hesse

El jardín está triste,
Fría cae en las flores la lluvia.
El verano se estremece,
Callado, en presencia de su fin.

Áureo gotea de hoja en hoja
Desde las altas acacias abajo.
El verano sonríe extrañado y cansado
En el moribundo sueño del jardín.

Largamente aún, en las rosas,
Permanece y anhela el descanso.
Lentamente cierra los grandes
Ojos, rendidos de cansancio.

Beim Schlafengehen

Hermann Hesse

Nun der Tag mich müd gemacht,
soll mein sehnliches Verlangen
freundlich die gestirnte Nacht
wie ein müdes Kind empfangen.

Hände, laßt von allem Tun,
Stirn, vergiß du alles Denken,
alle meine Sinne nun
wollen sich in Schlummer senken.

Und die Seele unbewacht
will in freien Flügen schweben,
um im Zauberkreis der Nacht
tief und tausendfach zu leben.

Im Abendrot

Josef Karl Benedikt von Eichendorff

Wir sind durch Not und Freude
Gegangen Hand in Hand:
Vom Wandern ruhen wir beide
Nun überm stillen Land.

Rings sich die Täler neigen,
Es dunkelt schon die Luft,
Zwei Lerchen nur noch steigen
Nachträumend in den Duft.

Tritt her und laß sie schwirren,
Bald ist es Schlafenszeit,
Daß wir uns nicht verirren
In dieser Einsamkeit.

O weiter, stiller Friede!
So tief im Abendrot,
Wie sind wir wandermüde -
Ist dies etwa der Tod?

Al irse a dormir

Hermann Hesse

Ahora el día me ha cansado,
Mi ardiente anhelo debe
Recibir amablemente, como un niño
Cansado, a la noche estrellada.

Desistid, manos, de toda tarea,
Olvida, frente, todo mi pensamiento,
Todos mis sentidos quieren
Ahora sumirse en el sueño.

Y el alma, no vigilada,
Quiere volar con alas libres,
Para en el círculo mágico de la noche
Vivir profundamente de mil modos.

En el arrebol de la tarde

Josef Karl Benedikt von Eichendorff

A través de la necesidad y la alegría
Hemos ido con la mano en la mano,
Ahora ambos descansamos del caminar
En el campo en calma.

Alrededor los valles declinan,
Ya se oscurece el aire,
Sólo dos alondras suben aún,
Ensoñadoras, en la fragancia.

Ven aquí y déjalas cantar,
Pronto será hora de dormir,
No vayamos a extraviarnos
En esta soledad.

¡Oh, vasta, serena paz!
Tan hondo en el arrebol de la tarde,
Cuán cansados estamos del camino...
¿Es esto acaso la muerte?

Versión española, © 1995, Angel-Fernando Mayo

A portrait of Jonathon Heyward, a man with dark curly hair and glasses, wearing a blue blazer over a dark turtleneck. He is smiling slightly and looking towards the camera. The background is a blurred, light-colored wall.

JONATHON HEYWARD

Director

Jonathon Heyward está forjándose una carrera como uno de los directores más emocionantes en la escena internacional. Actualmente es director musical de la Orquesta Sinfónica de Baltimore, tras su debut con la BSO en marzo de 2022 en tres actuaciones que incluyeron la *Sinfonía n.º 15* de Shostakóvich. A partir del verano de 2024, Jonathon se convertirá en el director musical de la Orquesta del Lincoln Center. Este nombramiento sigue a un aclamado debut en el Lincoln Center con la Orquesta del Festival Mostly Mozart en el verano de 2022, como parte de su festival «Summer for the City».

Actualmente, en su cuarto año como director principal de la Nordwestdeutsche Philharmonie, en el verano de 2021, Jonathon participó en una intensa residencia de dos semanas con la National Youth Orchestra of Great Britain, lo que llevó a un debut muy aclamado en los BBC Proms. Según The Guardian, Jonathon ofreció «una interpretación rápida e intrépida de la *Sinfonía n.º 3* de Beethoven, en la que los acordes fuertes estallaron, repitiéndose como fuegos artificiales en la cúpula de la sala, y los pasajes más silenciosos apenas se registraban. Fue exuberante, emocionante».

Entre sus proyectos más destacados, recientes y futuros, de Jonathon como director invitado en el Reino Unido incluyen debuts y regresos con la Orquesta Sinfónica de Londres, la

Orquesta Nacional de Gales de la BBC, la Orquesta Sinfónica de la BBC, la Orquesta Sinfónica Nacional Escocesa, The Hallé en Manchester, la Orquesta Sinfónica Nacional en Dublín y la Orquesta de Cámara Escocesa. En Europa continental, entre los recientes y futuros debuts de Jonathon, figuran colaboraciones con la Sinfónica de Castilla y León, la Sinfónica de Galicia, la Sinfónica Nacional Danesa, la Sinfónica de Basilea, la Orquesta de Cámara de Lausana, la Filarmónica de Bruselas, la Orquesta Nacional de Burdeos Aquitania, la Tonhalle de Düsseldorf, la Sinfónica de Hamburgo y la Sinfónica MDR-Leipzig.

En 2021, Jonathon hizo su debut en *Wolf Trap* dirigiendo a la Orquesta Sinfónica Nacional en Washington DC, y en 2023 debutó con la Orquesta Sinfónica de Chicago en el Festival Ravinia. Otros aspectos destacados significativos en Estados Unidos incluyen colaboraciones con la Filarmónica de Nueva York así como conciertos con las sinfónicas de Atlanta, Detroit, Houston, Seattle, St. Louis y Minnesota.

Igualmente cómodo en el foso operístico, Jonathon debutó recientemente en la Royal Opera House con *Knife of Dawn* de Hannah Kendall, y también dirigió *Lost in the Stars* de Kurt Weill con la Orquesta de Cámara de Los Ángeles, así como el estreno mundial de *Wake* de Giorgio Battistelli, en una producción de Graham Vick para la Birmingham Opera Company.

Nacido en Charleston, Carolina del Sur, Jonathon comenzó su formación musical como violonchelista a los diez años y comenzó a dirigir mientras aún estaba en la escuela. Estudió dirección de orquesta en el Conservatorio de Música de Boston, donde se convirtió en director asistente del departamento de ópera de la prestigiosa institución y de la Boston Opera Collaborative, y recibió lecciones de posgrado de Sian Edwards en la Royal Academy of Music de Londres. Antes de dejar la Academia, fue nombrado director asistente de la Orquesta Hallé, donde tuvo como mentor a Mark Elder y fue director musical de la Orquesta Juvenil Hallé. En 2023, fue nombrado Fellow de la Royal Academy of Music, un honor reservado para exalumnos de la Academia.

El compromiso de Jonathon con la educación y el trabajo comunitario se profundizó durante sus tres años con la Hallé y floreció tras asumir el cargo como director principal de la Nordwestdeutsche Philharmonie en enero de 2021. También está muy comprometido con la inclusión de nueva música en sus imaginativos programas de concierto.

A portrait of Jonathon Heyward, a man with dark curly hair and glasses, wearing a blue blazer over a dark turtleneck. He is smiling slightly and looking towards the camera. The background is a blurred office or studio setting.

JONATHON HEYWARD

Director

Jonathon Heyward está a labrar unha carreira como un dos directores máis emocionantes na escena internacional. Actualmente é director musical da Orquestra Sinfónica de Baltimore, logo do seu debut coa BSO en marzo de 2022 en tres actuacións que incluíron a *Sinfonía nº 15* de Xostacóvich. A partir do verán de 2024, Jonathon converterase no director musical da Orquestra do Lincoln Center. Este nomeamento segue a un aclamado debut no Lincoln Center coa Orquestra do Festival Mostly Mozart no verán de 2022, como parte do seu festival «Summer for the City».

Actualmente, no seu cuarto ano como director principal da Nordwestdeutsche Philharmonie, no verán de 2021, Jonathon participou nunha intensa residencia de dúas semanas coa National Youth Orchestra of Great Britain, o que o levou a un debut moi aclamado nos BBC Proms. Segundo *The Guardian*, Jonathon ofreceu «unha interpretación rápida e intrépida da *Sinfonía nº 3* de Beethoven, na que os acordes fortes estouparon, repetíndose como fogos artificiais na cúpula da sala, e as pasaxes máis silenciosas apenas se rexistraban. Foi exuberante, emocionante».

Entre os seus proxectos máis destacados, recentes e futuros, de Jonathon como director convidado no Reino Unido inclúense debuts e regresos coa Orquestra Sinfónica de Londres,

a Orquestra Nacional de Gales da BBC, a Orquestra Sinfónica da BBC, a Orquestra Sinfónica Nacional Escocesa, The Hallé en Manchester, a Orquestra Sinfónica Nacional en Dublín e a Orquestra de Cámara Escocesa. En Europa continental, entre os recentes e futuros debuts de Jonathon, figuran colaboracións coa Sinfónica de Castilla y León, a Sinfónica de Galicia, a Sinfónica Nacional Danesa, a Sinfónica de Basilea, a Orquestra de Cámara de Lausana, a Filharmónica de Bruxelas, a Orquestra Nacional de Bordeos Aquitania, a Tonhalle de Düsseldorf, a Sinfónica de Hamburgo e mais a Sinfónica MDR-Leipzig.

En 2021, Jonathon fixo o seu debut en Wolf Trap dirixindo a Orquestra Sinfónica Nacional en Washington DC, e en 2023 debutou coa Orquestra Sinfónica de Chicago no Festival Ravinia. Outros aspectos destacados significativos nos Estados Unidos inclúen colaboracións coa Filharmónica de Nova York así como concertos coas sinfónicas de Atlanta, Detroit, Houston, Seattle, St. Louis e Minnesota.

Igualmente cómodo no foso operístico, Jonathon debutou recentemente na Royal Opera House con *Knife of Dawn* de Hannah Kendall, e tamén dirixiu *Lost in the Stars* de Kurt Weill coa Orquestra de Cámara de Los Ángeles, así como a estrea mundial de *Wake* de Giorgio Battistelli, nunha produción de Graham Vick para a Birmingham Opera Company.

Nado en Charleston, Carolina do Sur, Jonathon comezou a súa formación musical como violonchelista aos dez anos e comezou a dirixir mentres aínda estaba na escola. Estudou dirección de orquestra no Conservatorio de Música de Boston, onde se converteu en director asistente do departamento de ópera da prestixiosa institución e da Boston Opera Collaborative, e recibiu leccións de posgrao de Sian Edwards na Royal Academy of Music de Londres. Antes de deixar a Academia, foi nomeado director asistente da Orquestra Hallé, onde tivo como mentor a Mark Elder e foi director musical da Orquestra Juvenil Hallé. En 2023, foi nomeado Fellow da Royal Academy of Music, un honor reservado para ex alumnos da Academia.

O compromiso de Jonathon coa educación e o traballo comunitario afondouse durante os seus tres anos coa Hallé e floreceu logo de asumir o cargo como director principal da Nordwestdeutsche Philharmonie en xaneiro de 2021. Tamén está moi comprometido coa inclusión de nova música nos seus imaxinativos programas de concerto.



CLAIRE BOOTH

Soprano

La soprano británica Claire Booth es particularmente conocida conocida por la amplitud de su repertorio —de Monteverdi y Haendel a Berg y Britten, pasando por Rossini y con un destacado compromiso con la música contemporánea— y por la vitalidad y musicalidad que aporta sobre el escenario.

Recientemente realizó una residencia en el Britten Pears Arts, trabajando en la creación de una versión de jazz del ciclo de canciones de Schumann *Frauenliebe und Leben* con Alisdair Hogarth y Jason Rebello, y actuaciones con la Orquesta Filarmónica de la BBC (estreno mundial de *Elliptics*, de Emily Howard), el Nash Ensemble en Wigmore Hall (incluyendo una nueva obra de Julian Anderson), la Aurora Orchestra (*Illuminations* de Britten en Saffron Hall y Southbank Centre). Tras sus interpretaciones de Irene en *Bajazet* de Vivaldi, dirigida por Adele Thomas en el Royal Opera House Linbury Theatre, Booth fue invitada por Thomas a participar en un proyecto en el London Haendel Festival de 2023, dirigido por Laurence Cummings.

También participó, con el papel titular, en *Berenice* de Haendel para la primera producción de la Royal Opera House de la ópera desde su estreno en Covent Garden en 1737, Nitocris en *Belshazzar* de Haendel para el Festival Grange, *Pulcinella* de Stravinski con la Orquesta

de Cámara de Escocia, *Lonely Child* de Vivier con Ilan Volkov y la London Sinfonietta, grabaciones celebradas por la crítica con canciones de Músorgski, Grieg y Percy Grainger, *A Child of Our Time* de Tippett con la City of Birmingham Symphony en la Elbphilharmonie de Hamburgo, *A Mind of Winter* de George Benjamin con la Filarmónica de Hong Kong, el estreno mundial de *A Feast in the Time of Plague* de Alex Woolf para Grange Park Opera, y numerosas colaboraciones regulares con el Nash Ensemble en el Festival de Aldeburgh.

Aun siendo estudiante en la Guildhall School of Music and Drama de Londres, Booth llamó la atención internacional interpretando el estreno mundial de *Passion*, de Sir Harrison Birtwistle, en los Festivales de Bregenz y Aldeburgh, y creando el papel de Pakriti en *Wagner Dream* de Jonathan Harvey en la producción de Pierre Audi para la Ópera de los Países Bajos. Papeles posteriores incluyeron a Rosina en *El barbero de Sevilla* y a Elcia en *Mose in Egitto* para la Welsh National Opera, *La zorrita astuta* de Janacek para Garsington Opera, Romilda en *Serse* de Haendel para la Early Opera Company, Dorinda en *Orlando* de Haendel y Ellida en *The Lady from the Sea* de Craig Armstrong para la Scottish Opera; Nora en *Riders to the Sea* de Vaughan Williams para English National Opera, Adele de *Le Comte Ory* para la Chelsea Opera Group, Despina para Opera Nantes-Angers, así como prestaciones como solista en la Royal Opera House Covent Garden en *Kafka Fragments* de Kurtág y *Atthis* de Georg Friedrich Haas.

Durante más de una década colaboró con la directora de vídeo Netia Jones para realizar una serie de producciones muy aclamadas por la crítica, incluyendo sus interpretaciones de Max en *Where the Wild Things Are* de Knussen y Rhoda en *Higglety, Piggelty, Pop!* de Knussen, que se presentaron desde el Festival de Aldeburgh hasta la Filarmónica de Los Ángeles bajo la dirección de Gustavo Dudamel, pasando por la Filarmónica de la Radio Sueca y las celebraciones del 60º cumpleaños del compositor en el Barbican. Ha trabajado con directores como Edward Gardner, Carlo Rizzi, Pierre Boulez, Simone Young, Marcus Stenz, Yannick Nezet-Seguín y Mirga Grazinyte-Tyla, y ha aparecido en recitales en los Festivales de Aldeburgh, Lucerna y Edimburgo, en el Wigmore Hall con el Nash Ensemble, Aurora Orchestra y Knussen Chamber Orchestra, y su acompañante regular Christopher Glynn.



CLAIRE BOOTH

Soprano

A soprano británica Claire Booth é particularmente coñecida pola amplitude do seu repertorio —de Monteverdi e Haendel a Berg e Britten, pasando por Rossini e cun destacado compromiso coa música contemporánea— e pola vitalidade e musicalidade que achega sobre o escenario.

Recentemente realizou unha residencia no Britten Pears Arts, e traballou na creación dunha versión de jazz do ciclo de cancións de Schumann *Frauenliebe und Leben* con Alisdair Hogarth e Jason Rebello, e actuacións coa Orquestra Filharmónica da BBC (estrea mundial de *Elliptics*, de Emily Howard), o Nash Ensemble en Wigmore Hall (que inclúe unha nova obra de Julian Anderson), a Aurora Orchestra (*Illuminations* de Britten en Saffron Hall e Southbank Centre). Tras as súas interpretacións de Irene en *Bajazet* de Vivaldi, dirixida por Adele Thomas no Royal Opera House Linbury Theatre, Booth foi convidada por Thomas a participar nun proxecto no London Haendel Festival de 2023, dirixido por Laurence Cummings.

Tamén participou, co papel titular, en *Berenice* de Haendel para a primeira produción da Royal Opera House da ópera desde a súa estrea en Covent Garden en 1737, Nitocris en *Belshazzar* de Haendel para o Festival Grange, *Pulcinella* de Stravinski coa Orquestra de Cámara de Escocia, *Lonely Child* de Vivier con Ilan Volkov e a London Sinfonietta, gravacións celebradas pola crítica con cancións de Músorgski, Grieg e Percy Grainger, *A Child of Our*

Time de Tippett coa City of Birmingham Symphony na Elbphilharmonie de Hamburgo, *A Mind of Winter* de George Benjamin coa Filharmónica de Hong Kong, a estrea mundial de *A Feast in the Time of Plague* de Alex Woolf para Grange Park Opera, e numerosas colaboracións regulares co Nash Ensemble no Festival de Aldeburgh.

Aínda sendo estudante na Guildhall School of Music and Drama de Londres, Booth chamou a atención internacional interpretando a estrea mundial de *Passion*, de Sir Harrison Birtwistle, nos festivais de Bregenz e Aldeburgh, e creando o papel de Pakriti en *Wagner Dream* de Jonathan Harvey na produción de Pierre Audi para a Ópera dos Países Baixos. Papeis posteriores incluíron Rosina na obra *O barbeiro de Sevilla* e Elcia en *Mose in Egitto* para a Welsh National Opera, *A raposiña astuta* de Janacek para Garsington Opera, Romilda en *Serse* de Haendel para a Early Opera Company, Dorinda en *Orlando* de Haendel e Ellida en *The Lady from the Sea* de Craig Armstrong para a Scottish Opera; Nora en *Riders to the Sea* de Vaughan Williams para English National Opera, Adele de *Le Comte Ory* para a Chelsea Opera Group, Despina para Opera Nantes-Angers, así como prestacións como solista na Royal Opera House Covent Garden en *Kafka Fragments* de Kurtág e *Atthis* de Georg Friedrich Haas.

Durante máis dunha década colaborou coa directora de vídeo Netia Jones para realizar unha serie de producións moi aclamadas pola crítica, incluíndo as súas interpretacións de Max en *Where the Wild Things Are* de Knussen e Rhoda en *Higglety, Pigglety, Pop!* de Knussen, que se presentaron desde o Festival de Aldeburgh ata a Filharmónica de Los Ángeles baixo a dirección de Gustavo Dudamel, pasando pola Filharmónica da Radio Sueca e as celebracións do 60º aniversario do compositor no Barbican. Traballou con directores como Edward Gardner, Carlo Rizzi, Pierre Boulez, Simone Young, Marcus Stenz, Yannick Nezet-Seguín e Mirga Grazinyte-Tyla, e apareceu en recitais nos festivais de Aldeburgh, Lucerna e Edimburgo, no Wigmore Hall co Nash Ensemble, Aurora Orchestra e Knussen Chamber Orchestra, e o seu acompañante regular Christopher Glynn.

ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

VIOLINES I

Massimo Spadano****
Ludwig Dürichen****
Iana Antonyan
Sara Areal Martínez
Ruslan Asanov
Caroline Bournaud
Gabriel Bussi
Regina Laza Pérez-Blanco
Dominica Malec Andruszkiewicz
Dorothea Nicholas
Mihai Andrei Tanasescu Kadar
Florian Vlashi
Roman Wojtowicz

VIOLINES II

Fumika Yamamura***
Adrián Linares Reyes***
Gertraud Brilmayer
Lylia Chirilov
Marcelo González Kriquer
Deborah Hamburger
Enrique Iglesias Precedo
Helle Karlsson
Gregory Klass
Stefan Marinescu
Diana Poghosyan Mirzoyan

VIOLAS

Eugenia Petrova***
Francisco Miguens Regozo***
Andrei Kevorkov*
Raymond Arteaga Morales
Alison Dalglish
Despina Ionescu
Jeffrey Johnson
Jozef Kramar
Luigi Mazzucato
Karen Poghosyan
Wladimir Rosinskij

VIOLONCHELOS

Rouslana Prokopenko***
Raúl Mirás López***
Gabriel Tanasescu*
Andrea Fernández Ponce
Berthold Hamburger
Scott M. Hardy
Florence Ronfort
Ramón Solsona Massana

CONTRABAJOS

Risto Vuolanne***
Diego Zecharies***
Todd Williamson*
Mario J. Alexandre Rodrigues
Douglas Gwynn
Jose F. Rodrigues Alexandre

FLAUTAS

Claudia Walker Moore***
M^a José Ortuño Benito**
Juan Ibáñez Briz*

OBOES

David Villa Escribano***
Carolina Rodríguez Canosa*

CLARINETES

Juan Antonio Ferrer Cerveró***
Iván Marín García**
Pere Anguera Camós*

FAGOTES

Steve Harriswangler***
Mary Ellen Harriswangler**
Alex Salgueiro *

TROMPAS

Nicolás Gómez Naval***
Marta Isabella Montes Sanz***
David Bushnell**
Manuel Moya Canós*
Amy Schimelmann*

TROMPETAS

Manuel Fernández Álvarez***

TROMBONES

Jon Etterbeek***
Óscar Vázquez Valiño***

TUBA

Jesper Boile Nielsen***

PERCUSIÓN

Fernando Llopis Mata***
José A. Trigueros Segarra**
José Belmonte Monar*
Alejandro Sanz Redondo*

ARPA

Celine C. Landelle***

MÚSICOS INVITADOS TEMPORADA 23/24

VIOLÍN I

Ángel Enrique Sánchez Marote

VIOLÍN II

Paloma Diago Busto

OBOE

Ana Gavilán Quero**

TROMPETA

Alejandro Vázquez Lamela **

MÚSICOS INVITADOS PARA ESTE PROGRAMA

VIOLÍN I

Pedro Rodríguez Rodríguez****
Virginia González Leondhart

VIOLÍN II

Pablo Ramón Araya Betancort
David Ruiz del Canto
Marco Scalvini

VIOLONCHELOS

Ana Represas Catalán
Raquel Rivera Novillo

CONTRABAJO

Antonio Muedra Ventura*
Yamila Pedrosa Ahmed

FLAUTA

Jimena de Vicente Álvarez*

CLARINETE

Marcos Represas Carrera*

TROMPETA

Roberto Manuel Bolaño Amigo*

TROMBÓN

Xabier Doural García*

PERCUSIÓN

Miguel Ángel Martínez Martínez*

CELESTA

Alicia González Permy****

CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

PRESIDENTA

Inés Rey

VICEPRESIDENTE

Anxo M. Lorenzo

EQUIPO TÉCNICO - ADMINISTRATIVO

GERENTE	Andrés Lacasa Nikiforov
SECRETARIA-INTERVENTORA	Olga Dourado González
JEFA DE GESTIÓN ECONÓMICA	María Salgado Porto
COORDINADORA GENERAL	Ángeles Cucarella López
JEFE DE PRODUCCIÓN	José Manuel Queijo
JEFE DE PRENSA Y COMUNICACIÓN	Javier Vizoso
JEFE DE CONTABILIDAD	José Antonio Anido
ARCHIVO MUSICAL	Zita Kadar
JEFE DE PROGRAMAS DIDÁCTICOS	Iván Portela López
ADMINISTRACIÓN	Ana María Ríos Pereiro Angelina Déniz García Noelia Roberedo Secades
GERENCIA Y COORDINACIÓN	Inmaculada Sánchez Canosa
SECRETARÍA DE PRODUCCIÓN	Nerea Varela
PRENSA Y COMUNICACIÓN	Lucía Sáñez Sanmartín
REGIDORES	José Manuel Ageitos Calvo Daniel Rey Campaña
AUXILIAR DE ARCHIVO	Diana Romero Vila

SINFÓNICA
DE GALICIA
TEMPORADA
23/24

PRÓXIMOS PROGRAMAS

ABONO FERROL VIERNES

18/04/24

📍 Auditorio / Ferrol

🕒 20.30h

19/04/24

📍 Palacio de la Ópera / A Coruña

🕒 20h

V19

JUAN BAUTISTA PLAZA

Fuga criolla

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI

Sinfonía nº 2 en do menor, op. 17

PACHO FLORES

*Áurea. Rapsodia concertante para clarinete
y orquesta sinfónica*

*[Obra encargo e la Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta de
Extremadura y Orquesta de la Región de Murcia]*

JUAN FERRER clarinete

CHRISTIAN VASQUEZ director

ABONO
VIERNES
SÁBADO

26/04/24

V19

27/04/24

S08

📍 Palacio de la Ópera / A Coruña ⌚ 20h

ALEXANDR GLAZUNOV

Concierto para violín en la menor, op. 82

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI

Sinfonía Manfred en si menor, op. 58

SERGEI DOGADIN violín

VASSILY PETRENKO director

CONCIERTO EN FAMILIA



27/04/24

📍 Palacio de la Ópera / A Coruña 🕒 12h


DE AQUÍ PARA ALÁ COAS EMOCIÓNS

LYDIA BOTANA intérprete

CONCIERTO OVIEDO

OSG

03/05/24

 Auditorio Príncipe Felipe / Oviedo

 20h

LUDWIG VAN BEETHOVEN

Concierto para piano nº 1 en do mayor, op. 15

RICHARD WAGNER / HENK DE VLIENER

Meistersinger Orchestral Tribute

ZITONG WANG piano

ANTONY HERMUS director

SINFÓNICA DE GALICIA TEMPORADA 23/24

SINFÓNICA
DE GALICIA

SÍGUENOS



sinfonicadegalicia.com